

Impresoras e Fotocopiadora/Escáner

As impresoras só están dispoñibles a través da rede cableada, non da wifi. Se queres acceder ás impresoras a través da wifi, precisas estar conectado á VPN.

Listaxe de impresoras a disposición dos investigadores

Nome	Modelo	IP	Localización
ctprints1.citius.gal	Xerox VersaLink B400	192.168.196.148	Corredor do semisoto
ctprint01.citius.gal	Xerox VersaLink B400	192.168.196.149	Corredor da planta baixa
ctprint03.citius.gal	Xerox VersaLink C405	192.168.196.153	Secretaría (COLOR)
ctprint11.citius.gal	Xerox VersaLink B400	192.168.196.151	Corredor do primeiro andar
ctprint21.citius.gal	Xerox VersaLink B400	192.168.196.152	Corredor do segundo andar
ctprint05.citius.gal	HP LaserJet P4015 (antiga)	192.168.196.155	Corredor da planta baixa

Impresión en cor

A única impresora na que os investigadores poden imprimir en cor é a **ctprint03**. Débense recoller os traballos impresos en secretaría nas horas nas que está aberta.

Bandexas e papel

Xerox VersaLink B400



Impresora Xerox VersaLink B400

As bandexas están configuradas do seguinte xeito:

- Bandexa 1: Papel branco
- Bandexa 2: Papel reciclado

A bandexa por defecto é a 1, polo que, se non se selecciona a bandexa, a impresora imprimirá empregando papel branco. Se se desexa imprimir en papel reciclado, compre seleccionar a bandexa superior ou o tipo de papel.

No armario hai dispoñible papel branco e reciclado. No caso de rematarse, os investigadores poden pedir que se repoña en portería.



Impresora HP LaserJet p4015x

HP LaserJet p4015x

As bandexas están configuradas do seguinte xeito:

- Bandexa 1 (Bandexa manual): Calquera tipo (seleccionar o tipo de papel á hora de imprimir)
- Bandexa 2: Papel branco
- Bandexa 3: Papel reciclado

A bandexa por defecto é a 3, polo que, se non se selecciona a bandexa, a impresora imprimirá empregando papel reciclado. Se se desexa imprimir en papel branco, compre seleccionar a bandexa superior.

No armario hai dispoñible papel branco e reciclado. No caso de rematarse, os investigadores poden pedir que se repoña en portería.

Xerox VersaLink C405

As bandexas están configuradas do seguinte xeito:

- Bandexa 1: Papel branco
- Bandexa 2: Papel reciclado

Cambio de tóner

A impresoras avisan que o tóner estase a esgotar cando aínda pode imprimir unhas 200 páxinas. O tóner cambiarase cando a impresora comece a presentar impresións de baixa calidade, e non cando a impresora presente o aviso.

Para cambiar o tóner, débese avisar á Unidade de Xestión de Infraestruturas TIC a través do [formulario de incidencias](#).


Instruccions da Fotocopiadora/Escáner

fotocopiadora_gl.pdf


Drivers e instalación

Windows 10

Primeiro, hai que pulsar en «Agregar impresora» e logo en «La impresora que deseo no está en la lista» que aparece tras uns segundos.




Na nova ventá, hai que elexir a terceira opción: «Agregar una impresora por medio de una dirección TCP/IP o un nombre de host».



É importante deixar posta a asegurarse de que está marcada a detección automática e a consulta á impresora do controlador. Débease escribir a dirección IP da impresora desexada ou o seu nome completo.

×

←  Agregar impresora

Escriba un nombre de host o dirección IP de impresora

Tipo de dispositivo: Detección automática ▾

Nombre de host o dirección IP:

Nombre de puerto:

Consultar la impresora y seleccionar automáticamente el controlador de impresora que se debe usar

Siguiete Cancelar

O resto do proceso é automatizado. No último paso, é preferible seleccionar **non compartir** a impresora.

GNU/Linux e MacOS X

Para distribucións de Linux e outros sistemas, é recomendable utilizar os seguintes arquivos PPD para as impresoras Xerox:

- Xerox VersaLink B400
- Xerox VersaLink C405

From:
<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:
<https://wiki.citius.usc.es/centro:instalacions:impresoras?rev=1592571846>

Last update: **2020/06/19 15:04**

